

## APERTURA DOS PRAZOS DE MATRÍCULA NOS SERVIZOS DE COMEDOR E DE MADRUGADORES NA REDE DE CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O CURSO 2020-2021

### CENTROS ESCOLARES

NOME	ENDEREZO	XANTAR	ALMORZO
CEIP APÓSTOLO SANTIAGO	RÚA PROXECTO VAGALUME,2	SI	SI
CEIP CARDEAL QUIROGA PALACIOS	RÚA VILLALDÍA 33-35	SI	SI
CEIP DAS FONTIÑAS	RÚA DE ROMA,21	SI	SI
CEIP DE ROXOS	RÚA DA BARROSA, 74 - ROXOS	SI	SI
CEIP DE VITE I	AVDA. BURGO DAS NACIÓNS, S/N	SI	SI
CEIP MESTRE RODRÍGUEZ XIXIREI	LUGAR DA ESQUIPA. A SABUGUEIRA	SI	SI
CEIP MONTE DOS POSTES	RÚA FONTIÑAS, 79	SI	SI
CEIP RAÍÑA FABIOLA	RÚA ENTREGALERAS, 15	SI	SI
CEIP RAMÓN CABANILLAS	RÚA JOSE SOUTO PAZ, 5	SI	SI
CEIP A. CASAS NOVOA	A SIONLLA DE ABAIXO, 10	NON	SI

### I. LUGAR E PRAZOS DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE MATRÍCULA

- A. O prazo de presentación de solicitudes será entre o **30 de xuño e o 14 de xullo de 2020** (ambos os dous inclusive), **para a matrícula nos Servizos de Comedor e/ou de Madrugadores para o curso 2020-2021**, coa entrega do correspondente solicitude (Anexo I).

No momento da presentación das solicitudes nos prazos establecidos, **non será necesario achegar ningunha documentación**. O Departamento de Educación poderá requirir ás familias a presentación daqueles documentos que sexan necesarios para verificar o cumprimento dos criterios de admisión.

Admitiranse as solicitudes fora dos prazos establecidos durante o curso 2020-2021 pero, neste caso, a admisión nos servizos estará condicionada a existencia de prazas vacantes nos servizos de comedores e madrugadores no momento de presentar a solicitude. En todo caso, terán preferencia, as solicitudes recibidas nos prazos establecidos.

- B. Para evitar os desprazamentos das familias interesadas e aos efectos de obter información precisa sobre o proceso, toda a información estará dispoñible na páxina web municipal. Os interesados poderán ademais contactar co Departamento de Educación no correo electrónico [dptoeducacion@santiagodecompostela.gal](mailto:dptoeducacion@santiagodecompostela.gal) ou vía telefónica (981 554 400/401) optando só para casos excepcionais, pola forma presencial (que en todo caso se fará mediante cita previa).
- C. O sistema para a presentación de solicitudes serán os que seguen ( só poderán escoller unha opción para evitar a duplicidade de solicitudes):

- **Polo rexistro, de forma telemática**, seguindo os pasos da seguinte dirección:  
<https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>
- **Polo rexistro do Concello de Santiago** (pedindo previamente cita no teléfono: 981543122)

D. O modelo oficial poderá descargarse da páxina web do Concello de Santiago de Compostela [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal). Tamén se lles facilitará á información mediante correo electrónico aos centros de ensino obxecto desta convocatoria e á Federación de ANPAS “Compostela”, co obxecto da súa difusión entre as familias e na súa páxina web.

## II. ORDE DE ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS:

- Debido a situación actual por mor da pandemia da COVID-19 estimamos que no inicio do curso escolar terase que gardar unha distancia de seguridade entre os comensais e cumprir coas instrucións que determinen as autoridades sanitarias e educativas competentes na materia. Por este motivo, a capacidade de todos os comedores pode reducirse a máis da metade, polo que poderían contar con dobre quenda de comida (priorizando na primeira quenda os escolares de infantil e primeiros cursos de primaria) ata completar o aforo que se estableza en cada espazo de comedor.
- Tendo en conta o volume posible de solicitantes e atendendo ás restricións que poden derivarse da situación sanitaria, é probable que sexa necesario restrinxir o número de usuarios que poden facer uso do comedor polo que de ser o caso, estableceranse uns criterios de admisión. En todo caso, terán a praza garantizada o alumnado becado e preferencia as familias nas que traballen as persoas responsables legais do menor no horario de comedor ou en tránsito.
- No caso de que haxa máis solicitudes que prazas dispoñibles, poderase acordar o establecemento doutros criterios de admisión, incluíndo o sorteo.
- Todas as solicitudes entregadas nos prazos establecidos que non obtiveran praza, quedarán en lista de agarda ata que se produza unha vacante no servizo solicitado, e irán entrando en orde segundo os criterios anteriores.
- Queda aberta a inscrición fora dos prazos establecidos, durante o resto do curso, unicamente co criterio de orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello, sempre que haxa praza vacantes e, despois, de que entrasen todos os usuarios que realizaron a inscrición nos prazos establecidos.
- Todas estas medidas estarán vinculadas á evolución da pandemia, podendo ser máis flexibles ou máis estritas en función desta e podendo chegar incluso a suspensión do servizos se as autoridades sanitarias e educativas así o acordan.

## III. RELACIÓN DE ALUMNADO ADMITIDO E LISTA DE AGARDA

A. Unha vez finalizado os prazos e os labores administrativos correspondentes, procederase á publicación da listaxe de admitidos e excluídos no servizo de comedor e madrugadores na páxina web municipal ([www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal)) no mes de setembro, antes da posta en marcha dos servizos.

B. Non poderán facer uso de xantar e almorzo os usuarios con recibos impagados de cursos anteriores.

#### IV. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

- **Impreso de matrícula cuberto**, de acordo co Anexo I.

#### V. RÉXIME DE PREZOS AUTORIZADOS POLO CONCELLO

- Para o curso 2020-2021 manteranse os mesmos prezos públicos que foron aprobados na Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 23 de decembro de 2019, que son os seguintes:

Prezo do xantar /comensal/día: 4,50 €/día (IVE engadido).

Prezo do almorzo/comensal/día: 1,94 €/día (IVE engadido)

- No caso de non asistencia ao servizo de xantar e de almorzo, para o aboamento do servizo, deberá comunicalo con data límite ás 20.00 h. do día anterior, preferentemente a través do seguinte correo electrónico: [atencioncomedorsantiago@alimentacionsaludablegallega.com](mailto:atencioncomedorsantiago@alimentacionsaludablegallega.com) ou empregando o whatsapp número 606 94 00 87.
- Non poderán facer uso de xantar e almorzo os usuarios con recibos impagados de cursos anteriores.

#### VI. FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE MADRUGADORE E COMEDORES

- Os servizos de comedor e madrugadores prestaranse os días lectivos do curso escolar 2020-2021 dende o primeiro día ata o último día que se establezan no *calendario escolar para o curso 2020/2021, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*. Tendo en conta que o servizo de comedor e madrugadores se rexe pola normativa da Comunidade Autónoma de Galicia e polo Convenio de Colaboración coa Consellería de Educación para a xestión do servizo de comedor nos curso 2019-2020 e 2020-21, se houberse algún cambio a ese respecto que poidera afectar ou ser de aplicación a estes servizos municipais con posterioridade ao acordo da Xunta de Goberno Local, esa norma sería de aplicación e de cumprimento obrigado tanto para os usuarios como para a empresa adxudicataria da xestión.
- Non obstante, todo o aquí sinalado queda condicionado á situación sanitaria, instrucións, variables e as directrices das autoridades competentes que se diten en relación coa COVID-19. Polo tanto é posible que, se as directrices das autoridades sanitarias ou da Comunidade Autónoma de Galicia cambian, tamén se teña que adaptar o servizo de comedores e madrugadores, o que pode obrigar a establecer restricións no número de usuarios/as, modificacións nas modalidades de asistencia nas que establezan novos criterios de admisión, adaptación de novos espazos, novas condicións de participación de obrigado cumprimento, entre outras, e que serán publicadas na páxina web municipal.

### MÁIS INFORMACIÓN:

#### DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN

Tfnos.: 981 554 400 / 401

Fax: 981 571 511

[dptoeducacion@santiagodecompostela.gal](mailto:dptoeducacion@santiagodecompostela.gal)

[www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal)